

TOLOSCONTOSCURTOS

e

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS



Departamento de Lingua Galega e Literatura / EDLG

IES Alexandre Bóveda

Vigo

Maio 2018

“Verdade, uma ilusão
Vinda do coração
Verdade, seu nome é mentira”

Marisa Monte

LIMIAR

Un ano máis celebramos a festa da lingua galega no noso centro cunha serie de contos e poemas realizados polo noso alumnado. *Toloscontoscurtos* e *Saboroso son dos versos salgados* son os títulos que lles dan nome desde hai xa máis dun lustro.

Desde o Departamento de Lingua Galega e Literatura queremos agradecer a participación do alumnado e, asemade, valorar a teima da nosa rapazada en manter e desenvolver a nosa lingua con dignidade e calidade.

Lede este volume e sentídevos parte dunha vaga que xa comeza a tomar altura. Xa sabedes: detrás desta vaga virán moitas máis.

A lingua galega é de todos nós.

Que gocedes coa lectura.

TOLOSCONTOSCURTOS

TAREIXA E OS SOÑOS

Salma Freire Sousa (2º BAC D)

Premio Bacharelato

Tareixa ergueuse cedo para despedir a lúa antes de partir. Bicou a sua nai mentres durmía e marchou. Só levou con ela aquela maleta vella que o seu avó levara a Cuba cando tivera que emigrar, tan baleira de obxectos e tan inzada de soños.

Agora hai un ano que o avó está enfermo. A ela dinlle que se esquece das cousas e que por iso o teñen engaiolado naquela residencia na que non pode ver o mar. Tareixa pensa que iso é ridículo, pois ninguén pode ter en mente todos os recordos que viviu, e máis se é unha vida tan longa como a do avó. Esquecerse deses pensamentos nunca foi un motivo para non camiñar baixo a chuvia, en liberdade, ou para asomarse á rúa para escoitar e contemplar como cantan os paxaros.

Por iso emprendeu esta viaxe. Quería cumprir todos os soños do avoíño para gardalos, un a un, naquela vella maleta e soltalos diante del, para que fose feliz sempre.

Para o primeiro soño, tiña que coller un autobús e ir cara á aldea do seu avó. Cando el era neno, os seus pais non tiñan moitos cartos. Os días que pasaban fame na casa e as súas irmás choraban, subíase á cerdeira do seu xardín e collía unha mancha de cereixas, que repartía coidadosamente. O avó, garda o sabor daquela froita na súa gorxa, sempre quixo volver a arrincalas el mesmo, mais a idade prohibiullo.

Tareixa sabía o que tiña que facer. Ao chegar á aldea, visitou a casa do avó e daquela cerdeira arrincou unhas cereixas. Con decisión volveu coller o autobús que a deixaría na cidade. Alí cavilou cal sería o mellor lugar onde plantar aquelas sementes, e... xa estaba. Ía plantalas no xardín da residencia e así, cada vez que o avó asomase a cabeza pola fiestra, vería reflectida a súa infancia.

Gardou o soño con forza na maleta, e continuou.

A avoa morrera tres anos antes de que o avó caera doente.

O segundo soño do avó era estar sempre a carón dela. Queríanse e respectábanse. Sentíanse libres estando xuntos.

Cando o avó emigrara, no barco coñeceu unha muller intelixente, fermosa e segura de si mesma. Namorarse foi cuestión de segundos. Cando chegaron a Cuba a avoa entregoulle unha carta, tiñan medo de non volveuse ver. Cando baixaron do barco o avó

non sabía onde metera a carta da súa namorada. Tentouna buscar, mais non tivo resultado.

Ao cabo dun mes, os amantes volvéronse cruzar no mesmo camiño e nunca se separaron máis.

Tareixa decidiu buscar aquela carta. Viaxou até o porto no que embarcaran, percorreu a casa do avó... Finalmente, cando pensou que todo estaba perdido, descubriu un dobre fondo na maleta e nel a carta na que a avoa declaraba os seus sentimentos ao avó.

Cada vez que o avó mirase aquela carta, lembraría a súa xuventude e estaría eternamente co seu amor.

Gardou o segundo soño con agarimo, dentro da maleta.

Os curmáns de Tareixa case non pasaran tempo co avó. Os pais deles enfadáranse e prohibíranlles aos fillos estar con el. O terceiro soño do avó era, precisamente, poder ser avó. Tareixa os reuniu e, xuntos, visitárono na residencia. Ao avó brillabanlle os ollos. Nunca o viran tan emocionado. Non falaba moito, mais ao contrario do que dicían del os médicos, o avó decatábase perfectamente de todo o que estaba a acontecer. Alí, Tareixa ensinoulle a árbore (a súa infancia), entregoulle a carta da avoa (a súa xuventude) e, por último, mais non menos importante, todos os netos deron unha forte aperta ao avó, cumprindo así o

terceiro soño de poder coidalos a todos e estar xuntos (a sua vellez).

A súa enfermidade fixo repetir o ciclo e, así foi como o avó chegou a ser dúas veces neno e unha vez home. Grazas á súa neta cumpriu os seus soños.

TOLOSCONTOSCURTOS

DIARIO DUNHA MENTE LIBRE NUNHA PRISIÓN

María González Martínez (4º ESO D)

Premio 2º Ciclo de ESO

-Galiza, Convento Palabra de Deus, 12 de marzo de 1832

Atópome, como cada un dos meus apesarados días, neste apagado e lúgubre lugar, acompañada polo inmenso silencio e a fiel soidade, vendo como todos e cada un dos meus desexos non achan satisfacción. O desexo de plenitude e o recoñecemento da miña liberdade como muller fanme librar unha batalla no meu interior sobre se permanecer neste cárcere de ríxidos ideais ou fuxir cara a un utópico paraíso.

A madre superiora, Sor Faustina, unha muller esquivada e arisca, parece unicamente tratar de derrubar todos os meus proxectos e perspectivas de futuro. O seu hábito aseméllase a un vestido de noiva, desgastado polo paso do tempo; a súa cofia aperta o seu osudo e pálido rostro. O exíguo brillo dos seus ollos, refllicte o seu amargo carácter e o seu sorriso, rara vez debuxado na súa face, podería equivocarse cunha mancha de pedras.

-Galiza, Convento Palabra de Deus, 26 de marzo de 1832

Transcorreu máis dunha semana dende a última vez que decidín plasmar os meus sentimentos sobre este inerte papel. Sigo atrapada neste convento, illado da miña liberdade de ideais e da miña oportunidade de loitar por eles.

Non sei canto máis poderei aturar esta condena. Fuxir cara a un afastado e exótico lugar onde poder sentirme valorada e libre converteuse xa nunha necesidade. Ansío poder ser unha valorosa muller e decidir o meu propio destino, que non é outro que gozar da miña vida e liberdade, mentres loito polos meus ideais.

Miles de interrogantes roldan a miña soberana mente. A data da miña fuxida aproxímase, case podo percibir o arrecendo da felicidade que agarda por min tras estes altos muros

-Galiza, Convento Palabra de Deus, 3 de abril de 1832

Un escuro manto caeu sobre o ceo e as baixas temperaturas estaban servidas.

A miña necesidade de retiro levoume a camiñar polo frondoso bosque que arrodea o convento.

Rosas, mapoulas, margaridas e o maxestoso castiñeiro semellan comprender mellor ca as miñas compañeiras as miñas batallas

mentais. Atorméntanme as ansias de independencia, mais non debo adiantarme aos acontecementos.

-Galiza, Convento Palabra de Deus, 12 de abril de 1832

Atópome deitada sobre a miña pétrea cama. Onte tratei de descubrir a maneira de escapar, mais foi un estrepitoso fracaso. Os muros de máis de dous metros de altura e o descomunal cadeado interromperon o meu camiño cara ao meu soño. Cada día vexo máis afastada a oportunidade de saciar as miñas ansias de liberdade.

-Galiza, Convento Palabra de Deus, 16 de abril de 1832

Cada día que paso entre estas reixas, crávase en min coma un puñal, afógome con cada palabra que non digo, xa que entre estes muros, a miña linguaxe está coartada. Sinto que cada bocalada de ar fresco outorga ao meu ser un pulo para non abandonar o meu proxecto, mais afogo metida neste frasco.

-Galiza, Convento Palabra de Deus, 27 de abril de 1832

Observo florecer as flores do xardín e envexo non poder facelo coma elas.

Gustaríame gritarlle ao mundo que non son unha bolboreta, son un león e que me están a matar as miñas ansias de liberdade, o meu desexo de plenitude.

A xente pensa que as mulleres cos meus mesmos ideais son unhas ingratas, unhas promiscuas, unhas rebeldes, porén, con certeza, podo advertir que somos denominadas con estes pouco acertados adxectivos por ser mulleres; se varóns nacésemos, todos nos apoiarían e seríamos lembrados como valentes.

Estou segura de que hai unha mellor vida afastada deste cárcere cristián e eu morro por vivila.

-Galiza, Convento Palabra de Deus, 1 de maio de 1832

Outro día, outro pesadelo, outro fracaso, un muro máis que se alza ante min. Tentareino unha última vez, a esperanza aínda segue viva no meu interior.

A miña aflición parece poder asolagar todo o convento.

-Galiza, Convento Palabra de Deus, 29 de maio de 1832

Puxen a miña manobra en marcha. Todo parece funcionar. Comezo a ver a luz ao final deste eterno túnel.

Decidín escapar a París, unha nova integrante deste rabaño de Deus faloume sobre esta cidade.

Os meus ollos recuperaron un lene brillo, que a esperanza lles outorgou.

-Galiza, Convento Palabra de Deus, 3 de xuño de 1832

Todo transcorre segundo o planeado e as sospeitas aínda non agromaron entre o resto de mulleres atrapadas nesta paralela realidade.

Se nada se torce, en dez días estarei partindo cara a París, coa maleta baleira e a cabeza chea de ideas e proxectos.

-Rúas de Vigo, 14 de xuño de 1832

Todo o meu esforzo deu os seus froitos, e a miña perseveranza por fin viuse recompensada.

Cada refacho de ar fresco, cada novo lugar, cada pinga de agua da chuvia parecen achegar vida ao meu rostro, apagado pola frustración de me atopar nun cárcere onde son dispar a todos os seus habitantes.

Mañá emprenderei a viaxe máis importante da miña vida con dirección París e sen data de regreso.

-París, 20 de novembro de 1832.

París é coma unha rosa florecente, a chama dun lume imposíbel de apagar, unha onda de mar rompendo contra unha rocha.

É moito mellor que todo o que ouvín sobre esta cidade.

París é ar fresco. Síntome acollida por cada unha das súas fermosas rúas, por cada un dos seus ocupados habitantes.

Por fin principiei a loitar por un mundo xusto, por fin a miña vida retoma a súa cor. Vivo na procura da felicidade e da aceptación de igualdade entre mulleres e homes. Sei que non é unha utopía, sei que o conseguirei. Este cambio de ares fixo crecer en min unha confianza que transmito aos demais.

Por fin son libre, por fin vexo alcanzábeis todos os meus desexos. Por fin son unha muller plena, por fin vivo, por fin son eu.

TOLOSCONTOSCURTOS

MEMORIAS E VONTADES

Carla Freiría Lorenzo (2º ESO B)

Premio 1º Ciclo de ESO

Xa, xa sei que estades asombrados, un gato falando, perdón, falando non, escribindo as súas memorias. Chámome Mousse, ou iso dixéronme cando nacín.

Eu era un pequeno gatiño de pai descoñecido até que a neta do meu amo se fixou en min. Ela, que só tiña ollos para os cans. Bah, en fin, encaprichadiña de ter unha mascota decidiu levarme á gran cidade e aí comezou a miña aventura. Naquel edificio non teñen xardín e o pouco que hai está totalmente dominado polos cans, así que saír a dar unha volta pode ser moi perigoso. Daquela, dedícome a ollar polas fiestras, que non vos pensedes que é aburrido, cada día pasan cousas novas.

Esta casa ten grandes fiestraxes e está preto do mar polo que as gaivotas veñen facerme rabiarse. Cando penso que xa as teño entre os dentes bato contra o cristal. Até que un día na xanela do patio asomaron dous paxariños e non pensei máis. Lanceime a por eles mais esta vez non había cristal, a ventá estaba aberta e tiveron que tentar voar. Pechei os ollos, abrín as patas nun intento de

planear, mais se algo me salvou a vida foron os cordeis do tendal da veciña.

A partir de aí toda a miña vida mudou durante uns meses. Primeiro a veciña avisou os meus donos, que me estaban a buscar; despois alá que imos para urxencias, e alí, sabes o que me dixeron? Unha pata traseira rota por dous lados e a queixada desencaixada! O que me faltaba, unha noite ingresado, unha venda que tiven que arrincarme centos de veces... Xa nin o quero lembrar!

Ao día seguinte viñéronme buscar e leváronme á veterinaria de sempre. Despois unha operación, e outra máis. Porén, o que menos me gustou disto foron as curas na casa. Que manía de andar a fuchicar onde non deben!!! Por que son eu, que se non levaban unha gaduñada e para diante!

En fin, xa curadiño non volvín ter máis contratempos dese tipo, e non vexas como me divirto facendo trasnadas na casa. Subindo os andeis, eses onde os humanos teñen plantas e testos que non queren que tire... bah, xa chegará o momento de acabar con eles. Onte remexín na terra dunhas plantas e seica ensuciei un pouco a sala... Cando vin a expresión de anoxo da miña dona puxen esa cariña de “eu non fun” coa que sempre abraio os humanos, que non é que lle quite a razón, mais abrándalle o corazón.

Seica din que xa case son adulto e próximas a min viven algunhas gatas, así que corren rumores de que me queren capar. Mais, como non estou de acordo con esta circunstancia que, digo eu, non é natural, deixo escrito que me nego e se non terei que voltar voar...

TOLOSCONTOSCURTOS

NON TE DEIXES ENGANAR

Martín Vicente Fábregas (1º BAC E)

“Para ser das discotecas máis famosas de Galiza, non ten nada do outro xoves. Non me impresionan nada as tías que hai aquí. Definitivamente, marchó.”

Xa estou case na porta cando me fixo nunha moza de cabelo curto sentada na barra.

Achégome co meu sorriso de galán e preguntolle:

—Podo invitarte a unha copa?

Ela vírase para me mirar e a súa expresión non mostra emoción ningunha. En lugar de me contestar, colle o vaso que xa tiña e bótamo na cara. Fico de pedra. É dicir, xa me rexeitaran outras veces, mais nunca tan axiña. Sen sequera mirarme, colle o seu bolso e diríxese á porta.

—Que che fixen eu? — bérrolle máis indignado que sorprendido.

Ela dá a volta e faime o corte de manga.

E por riba iso!

Xusto nese instante teño unha iluminación, como un sinal do ceo.

“Ese cabelo. Ese dedo”.

—Miguel!—solto de golpe cunha sospeita case imposíbel.

Detense e volve dar a volta, mais esta vez para me ameazar con cara de fera.

—Xa non respondo por ese nome.

—De modo que si. Es ti—borboríñolle.

Volve querer marchar, mais agora que a atopei de novo, volvéranme moitas preguntas que nunca recibiron resposta e non penso deixalas escapar de novo.

—Este era o porqué? Isto era polo que me odiabas? —bérrolle sen pensar no espectáculo que estou a dar.

E dá a volta outra vez. Esta vez non grita, nen sequera me mira. Fica de pé ollando os seus zapatos.

Ao comprobar que a cousa non avanza propoño que sentemos nas butacas do fondo. Aínda alí sentados, ela segue sen falar así que decido eu iniciar a conversa.

—Entón era por isto? Tantos anos de desprezo, de xestos co dedo, de absoluta indiferenza; eran por isto? Porque non eras ti

—Non! Claro que non!—responde coma se eu dixese unha estupidez. Noto que ten os ollos vermellos—.Como podes pensar que é por iso?

—Entón, por que me odiabas?

—Eu non te odiaba! Eu quería ser coma ti! —detense nesa confesión. Toma ar á vez que perde a batalla contra as bágoas—

.Ti sempre estabas feliz. Dende pequenos, sempre estabas cantando e sorrindo e bailando. Mesmo na secundaria, cando todos cambiaron a uns idiotas superficiais, ti seguiches igual. Todos os días dicíasme: “Bos días, Miguel”. E todas as tardes: “Até mañá, Miguel”. Sempre co teu sorriso e sen importarche o que pensasen os demais. Lembras o día que viñeches á clase cos labios pintados. Ese día pensei: “Este rapaz é o meu heroe”. Eras sempre tan educado mentres que eu me comportaba coma un estúpido, mais era porque tiña medo.

—Medo de que? De min?

—De todos! Medo do mundo! Cría que se os demais sabían como era eu... que era... —para un momento para atopar a palabra idónea— raro, pois faríanme sufrir. Non quererían estar comigo ou que me insultarían directamente. Por iso non quería falar con ninguén. Por iso pasaba os recreos a debuxar ou lendo só. Ti nunca fuches mao comigo e aínda así eu despreceite. Ai, Deus! Perdóame! Debes de me odiar!

Na metade do seu discurso comezou a chorar, mais eu non dixen nada. Agora que non para de chorar, decántome por arrodeala co brazo e tratar de consolala:

—Non te odio. Recordas o que che escribira no libro de sinaturas? “Miguel, aínda con todo, deséxoche unha vida inzada de amor e felicidade. Bicos e abrazos”.

Ela asente e ponse ergueita. Retírase unha bágoa traidora e comenta.

—Lembras esa copa que mencionaches?

—Aínda estou a tempo?

—Mellor invito eu—responde cun pequeno sorriso—.Temos moito que nos contar. Chegaches a estudar fóra?

—É unha longa historia—suspiro.

—Teño toda a noite.

E volve dar a volta, mais esta vez, cara á barra.

TOLOSCONTOSCURTOS

UN LÓSTREGO NA NOITE

Marta Vázquez Sobrado (1º ESO E)

Alicia é unha nena que ten 12 anos de idade e vive nun pequeno barrio nas aforas de Vigo. Tras un día moi esgotador no instituto e logo de practicar o seu deporte favorito, a natación, chegou á súa casa moi cansa e ceou rapidamente para irse durmir, xa que ao día seguinte tiña un exame moi importante de matemáticas. E as matemáticas non era precisamente a súa materia favorita...

Alicia, antes de durmir, sempre lía un chisco do seu libro preferido, *As aventuras de Lóstrego*. O libro trataba dun cadeliño que tiña poderes máxicos e Alicia quedou durmida co libro nas súas mans en menos de dez minutos. Esa noite Alicia soñou que os seus pais lle mercaban un fermoso cadeliño coma Lóstrego, de raza Golden Retriever, a preferida de Alicia, e de cor branca reluciente como a neve pura das montañas. Alicia gozaba no seu soño do seu mellor amigo, Lóstrego, e os momentos xuntos supuñan unha aventura continua.

Cando soou o reloxo despertador, Alicia deu un chimpno na súa cama para ir á escola e, aínda medio durmida, foi buscar a Lóstrego por toda a casa, mais non o atopou. Entón deuse de

conta de que todo fora un soño e ficou moi triste por non ter ao seu carón aquel cadeliño que a facía tan feliz.

Mentres tomaba o almorzo decidiu que despois do instituto iría coa súa nai ao refuxio de animais abandonados para adoptar un cadeliño o máis parecido a Lóstrego, o can dos seus soños.

Saíu do instituto e o exame de matemáticas fixerao mellor do esperado, comeu todo o rápido que puido e ansiosa marchou coa súa nai na busca de Lóstrego. Cando chegaron ao refuxio de cans e gatos abandonados, Alicia describiulle a unha señora como era o can que procuraba e decatouse de que alí había moitos animais que a miraban con ollos medoñentos e orellas baixas. Alicia tivo vontade de levar todos á súa casa e coidar deles con agarimo, aínda que sabía que iso era imposíbel...

Alicia buscou inqueda mais non atopaba ningún semellante a Lóstrego e, cando xa estaba a piques de se desanimar, escoitou un ladrido que reclamaba a súa atención. Alí estaba o can dos seus soños. Cuspidiño a Lóstrego. Alicia tiña bágoas de ledicia e de emoción. Colleuno no seu colo e o cadeliño lambeu a súa meixela.

Alicia non o dubidou nin un segundo: aquel sería o seu can e chamaríao Lóstrego, así que o levou con ela para a súa casa.

Dende ese día Alicia e Lóstrego convertéronse nos mellores e inseparábeis amigos. Todos os días é Lóstrego quen esperta a Alicia para ir ao instituto e xuntos gozan de momentos máxicos... Porén, a mellor aventura para eles, con certeza, aínda está por chegar...

A NEGRA SOMBRA DA NOITE

Paula Penedo Quinteiro (1º ESO E)

O que vos vou contar aconteceu hai uns anos na aldea onde ía todos os veráns de vacacións cos meus pais. Era a aldea de meus avós. A casa era moi grande, estaba algo afastada do resto das casas, arrodeada de carballeiras e ao lado pasaba a estrada. Como todos os anos fun pasar alá uns días cos meus pais e avós. Aínda que o sitio era moi tranquilo e non había moitos nenos, pasábao ben. O que non me esperaba ese verán era que esas vacacións ían ser distintas ás demais. Cheguei cansa da viaxe e subín a maleta ao meu cuarto. O mobiliario era antigo mais, ao mesmo tempo, era acolledor. Cambiei a roupa e baixei dar unha volta antes de cear, non quería que me collese a noite fóra porque, a verdade, me daba un pouco de medo. Estaba acostumada aos contos dos vellos sobre cousas que pasaban de noite: aparecidos, bruxas, Santa Compañía... E que razón tiñan! Non ía tardar en sabelo... Esa noite deiteime cedo. Ao día seguinte quería coller a bici e ir saudar as miñas amigas que non vía dende había tempo. Aínda que estaba esgotada non podía durmir esa noite. Espertei coa sede e fun beber á cociña que

estaba no andar baixo da casa. Tiña que cruzar o comedor e baixar as escaleiras para ir alí. Segundo abría a porta do meu cuarto estaba a ventá do comedor pola que sempre se coaba a luz da lúa nas noites despexadas de verán. Sempre me fixaba nas estrelas, era algo fermoso e, asemade, producíame inquedanza no corpo mirar fóra e ver árbores e recunchos diante da entrada da casa na noite. Volvín subir ao meu cuarto e, despois duns minutos, por fin fiquei durmida. Cando acordei ao día seguinte decateime de que xa se levantaran todos. Erguinme da cama dun chimp, arranxei o cuarto e fun lavarme e vestirme coma un raio. Baixei á cociña e xa estaban alí meus pais e mais os meus avós. Miña avoa estonaba patacas e miña nai estaba a preparar un polo para guisar ao xantar. En cambio, meu pai e meu avó estaban falando de ir cortar algunha leña. Deilles os bos días, almorcei e saín a lume de carozo coa bici. Esa mañá estiven coas miñas amigas e puxémonos ao día das cousas da aldea e das cousas que me pasaran a min na cidade desde que non nos mirabamos. Foi unha mañá moi entretida e o tempo pasou voando. Cando me dei de conta xa eran as dúas da tarde. Despedinme delas e marchei para a casa xantar, antes de que meus pais me rifasen por tardar. Cando cheguei a comida xa estaba na mesa. A verdade é que tiña unha fame doente.

Mentres todos falaban, eu estaba a pensar no que faría pola tarde. Pensei en dar un paseo pola aldea. Cando rematei de comer fun dar unha volta pola aldea, quería gozar un pouco da natureza. Aproveitei para ir por eses camiños que normalmente son transitados pola xente da aldea, sobre todo cando levan o gando pastar ou van trabincar as fincas. De súpeto atopeime cunha anciá que estaba sentada nunha pedra á sombra. Decateime de que era a costureira da zona. Coñecíaa dende ben pequena. Senteime con ela e comezamos a falar das cousas da aldea. Eu tamén lle contei as miñas cousas que me pasaran dende a última vez que nos viramos. De repente decateime de que era tardísimo, despedinme dela e marchei para a casa. Preparei a merenda e púxenme a ler un libro. Logo, á hora da cea estaba cansa, e iso que non fixera moito. Deiteime cedo. De noite espertei atafegada e levanteime ao baño. Ao pasar por diante da fiestra do comedor ollei para fóra e fiquei de pedra. Ao lonxe albisquei unha silueta dunha muller vestida de negro. Marchei aterrecida correndo para a cama, tapeime toda coa manta. Ao día seguinte non sabía se aquilo fora un soño ou fora realidade. Non lle dixen nada a ninguén do que me pasou. Ese día estaba desexando que se fixese de noite para saber se volvería aparecer aquela estraña figura na escuridade. Cando me deitei puxen a

alarma do reloxo para me erguer a media noite e así observar pola fiestra. E cal foi outra vez a miña sorpresa? Que alí estaba a silueta, esta vez si estaba segura de que a vira. Cando me levantei, almorcei e saín dar un paseo para pensar no acontecido esas noites. Preguntábame se llelo debía dicir a meus pais. Pensando no que me pasou atopeime outra vez coa costureira da aldea e pareime a falar con ela de novo. Decidín contarlle o que me pasara. Ela cun sorriso díxome: “Tranquila non teñas medo, iso que miraches son anxos que te protexen e non che van facer ningún mal. Marchei moito máis tranquila porque eu confiaba moito no que me contou. Ela era unha velliña moi sabia. Entón decidín contarlles todo o acontecido a meus pais e a meus avós na hora do xantar. Botáronse a rir e dixéronme: “Non digas burradas neniña, como ías ver siluetas fóra? E o que é peor... como ías estar a falar coa costureira se faleceu hai medio ano? Nunca máis volvín ver sombras nin a costureira, no entanto, nunca poderei esquecer ese verán.

A PARTE OCULTA DA RÍA

Noa Álvarez Rey (1º ESO E)

Na ría de Vigo hai moitas criaturas. Mais nós, a xente de arriba, só coñecemos unha pequena parte: a que eles nos amosan. O resto das criaturas, as que non se deixan ver, permanecen ocultas á nosa vista. A salvo da nosa tendencia a destruír. As criaturas que vemos son só unha pequena parte, a máis común, dun universo único e fermoso. As especies máis estrañas e escasas agóchanse nun lugar oculto á nosa vista. O que vemos son misioneiros voluntarios das criaturas máis comúns, que se ofrecen para nos distraer e, así, salvar os seus compañeiros.

E onde se agochan as outras criaturas? En teoría non volo podo contar. Porén, se non llelo dicides a ninguén, dígovos onde se atopa a parte oculta da ría. Está nun arrecife perto dunhas illas, onde corren menos perigo. É un sitio fermoso e cheo de cores mais, aínda así, ás veces ocorren verdadeiras catástrofes. Como a dun barco petroleiro. Aquilo foi terríbel. Moitas criaturas morreron, e as que se salvaron pasárono moi mal. Alí foi onde eu descubrín a parte oculta da ría. Fixeron un proxecto para salvar parte das criaturas, dos arredores das illas. Precisaban mergulladores para se somerxer, coller as especies da auga e levalas a un centro mariño onde as coidarían até que todo pasase. Presenteime. Sempre me gustara o mar e, de pequeno, ía mergullarme canda o meu pai. Fomos en barco e cando chegamos, vestímonos de mergulladores e somerxémonos na ría.

Afondei até chegar a un lugar cuberto de negro e ouvín uns ruídos semellantes a pequenos berros. Achegueime ao lugar de onde proviñan e atopei algo abraiante: unha pequena criatura, semellante a un sapoconcho, atrapado no chapapote. Tiña un ollos enormes que esculcaban cara a todos os lados, buscando como escapar. A súa cuncha era estraña. Era de moitas cores fundidas entre elas coma ondas en movemento. De feito... movíanse! E a cuncha non era dura, senón máis ben xelatinosa. Era unha das criaturas das que vos falaba. Ceibeina e ela conducíame aos seus compañeiros. Dende entón coido deles. Cántovos isto porque aos que me creades pídovos que me axudedes. O arrecife é fermoso e as súas criaturas tamén. Porén, cada día pola nosa culpa van perdendo, pouco a pouco, a súa cor.

Sede os salvadores da parte oculta da ría!!

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

REDE SOCIAL

**Aitana Veloso Quiñoy e Sara Faro Lubiáns
(1º BAC E)**

Premio Bacharelato

Eu tampouco son inmune á inmundicia da minha raza
eu tamén gozo do pracer do feo
do noxento
e sucumbo ao ditaminado

ergo a man, cedo, venero a minha imaxe,
renego dela, xogo nunha ruleta

que ás veces dá en me conceder a vitoria fronte ao espello
e noutrora, dispara a *queimarroupa* na boca do estómago.

sublévome ficticiamente

corrupta,

filla primixenia, xestada no ventre da rede social.

Berro ben baixinho,
e temo as que escoitan o ouveo
da consciencia extracorporal
porque eles poden xulgarme
como farsa

disparate

loba domada.

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

MUDA

Iago Comesaña Soliño (4º ESO A)

Premio 2º ciclo de ESO

Aqueles sorrisos,
aqueles sonhos,
aquelas aventuras,
aqueles bicos.

Todo mudou,
bágoas, insultos.

Todo cambiou,
soidade, pesadelos.

Volver atrás no tempo,
o único sonho que agarda.

Deixarte atrás,
o único pesadelo que ensina.

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

AS ILLAS CÍES

Marcos Fragueiro Rodríguez (2º ESO C)

Premio 1º Ciclo de ESO

As illas Cíes son
anchas e longas .
As cores verdosas
coma pedras de esmeralda.

Nas illas Cíes
hai moitas praias
con area fina
coma unha manta.

Nas illas Cíes
na beira do mar
hai peixiños
que xogan sen parar

Hai quen pensa
que non debemos pescar
porque os peixiños non poden
volver xogar.

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

FACE SALGADA

Aitana Veloso Quiñoy e Sara Faro Lubiáns (1º BAC E)

Mentes destrozadas, apisoadas, desestruturadas.

Consecuencia dos bombardeos de modelaxes,
que denotan a loita entre odio e amor propio.

Porque se eu non me quero é por ti.

Normatividade asfixiante, sociedade desequilibrante;
é por ti, é por ti, é por ti.

Non é froito da miña morfoloxía.

É pola desestimación persoal que cos teus preceptos conformas;
ordes que desordenan a mente e gaduñan a nosa pel .

Somos; somos constituicións subversivas;

Constituicións que sen pretensión alteran
a liña recta do implantado, do aceptado.

Face salgada ante o reflexo da nosa anatomía.

Bagullas que forxan a nosa condena.

Face, face salgada.

Xa non sei nin o meu nome.

Nome cuberto pola sombra que escurece,
a aceptación do noso ser.

Peles humanas reducidas a meros números;
a meras cifras;
cifras canon.

Rexeita, ao conglomerado de patróns.

Aos arquetipos, estereotipos, paradigmas, ideais.

Rexeita o autorrexeito; refúsaos.

Elíxete.

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

O VELLO MAR

Hugo Otero Prieto (2º BAC D)

Tras ondas que pegan as pedras
e penachos que nacen no mar
tras brétemas de néboa e fume
e baixo artificial luz de lar.

Na noite sen lúa nin estrelas
hai un vello mirando o mar,
nubran a vista dos ollos
auga e tabaco nasal.

No cumio máis alto do mundo
un neto mirando o mar
o Faro mira o vello
tose e cospe ao respirar.

No buraco máis fondo do mundo
un neto non mira o mar,
hoxe trinta anos no profundo
xa nin pode gritar.

Bolboretas negras e grises

percorren falso luar,
vermellas brétemas envolven
o vello mirando o mar.

O vello fala palabras
que os netos esqueceron sen máis,
mariñeiro en terra varado
no cumio máis alto do mar.

Onde deus descansou un chisco,
onde a terra réndese ao mar,
onde hai un neto mirando
e outro que non pode mirar.

Solpor de frío outono
no cumio máis alto sen máis
abrollan palabras brumosas
que ninguén escoitou endexamais.

As ondas gritan no monte
o vento brama no mar,
falso luar sen lúa
bolboreta sen cor nas ás.

Os ollos cérranse lentos
o cigarro consómese na man,
mariñeiro en terra varado,
vello que non ve o mar.

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

NÓS

Hugo Pérez Suárez (2º BAC D)

Nós somos neste mundo coma simples gaivotas
que buscan sen rumbo, afastadas e verdes costas
que ollando no pasado morren de tristura
pois sendo aves nobres só teñen rapina pura.
Esas aves vigorosas, grandes cazadoras
que sempre no mar lles cantaban as grandes ondas...

Nós somos esa ave, dígoo con desazón
pois tendo pobo propio e propia tendo a nación
abandonamos á sorte o noso corazón
agardando que o tempo nos dea outra opción.

TÁBOA

| | |
|---|----|
| LIMIAR | 5 |
| TAREIXA E OS SOÑOS..... | 7 |
| Salma Freire Sousa (2º BAC D) | |
| DIARIO DUNHA MENTE LIBRE NUNHA PRISIÓN | 11 |
| María González Martínez (4º ESO D) | |
| MEMORIAS E VONTADES..... | 17 |
| Carla Freiría Lorenzo (2º ESO B) | |
| NON TE DEIXES ENGANAR..... | 20 |
| Martín Vicente Fábregas (1º BAC E) | |
| UN LÓSTREGO NA NOITE..... | 24 |
| Marta Vázquez Sobrado (1º ESO E) | |
| A NEGRA SOMBRA DA NOITE | 27 |
| Paula Penedo Quinteiro (1º ESO E) | |
| A PARTE OCULTA DA RÍA | 31 |
| Noa Álvarez Rey (1º ESO E) | |
| REDE SOCIAL..... | 33 |
| Aitana Veloso Quiñoy e Sara Faro Lubiáns (1º BAC E) | |
| MUDA | 35 |
| Iago Comesaña Soliño (4º ESO A) | |

| | |
|---|----|
| AS ILLAS CÍES..... | 36 |
| Marcos Fragueiro Rodríguez (2º ESO C) | |
| FACE SALGADA | 37 |
| Aitana Veloso Quiñoy e Sara Faro Lubiáns (1º BAC E) | |
| O VELLO MAR | 39 |
| Hugo Otero Prieto (2º BAC D) | |
| NÓS..... | 42 |
| Hugo Pérez Suárez (2º BAC D) | |



IES ALEXANDRE BÓVEDA

VIGO